



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DOCENTE NECESARIO PARA IMPARTIR OS MÓDULOS FORMATIVOS DO CURSO DENOMINADO “DOCENCIA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO” DO PLAN AFD, QUE SE INDICAN

PRIMEIRA: CARACTERÍSTICAS DA CONVOCATORIA.

1.-O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal docente para impartir os Cursos do Plan AFD, no Centro de Formación Ocupacional “A Ran” baixo a modalidade de contrato temporal para obra e servizo determinado regulado no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores e disposicións que se desenrolan, quedando vinculado na súa duración á subvención regulada pola Orde de 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que regula estes cursos.

2.- Os/as traballadores/as finalmente contratados/as prestaran os seus servizos segundo o contrato correspondente, sen que en ningún caso adquiren ningún dereito a incluírse no persoal fixo de plantilla.

3.- Os Módulos Formativos do Certificado de Profesionalidade para os que se fai esta convocatoria son os seguintes:

MF1446_3: Orientación laboral e promoción da calidade na formación profesional para o emprego (30 horas).

MP0353: Módulo de prácticas profesionais non laborais 40 horas

Modulos transversais de Inserción laboral medioambiente e xénero e modulo de formación para Igualdade (18 horas)

SEGUNDA: SISTEMA SELECTIVO.

Establécese como sistema de selección o de concurso específico de méritos, que poderá incluír a realización dunha entrevista persoal, naqueles casos nos que se produza un empate entre os/as candidatos/as, segundo a base SEXTA destas bases.

TERCEIRA: REQUISITOS PARA CONCORRIR Á CONVOCATORIA

Os aspirantes deberán reunir todas e cada unha das condicións seguintes, sempre referidas á data de expiración do prazo para presenta-las solicitudes:

- **a)** Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arreglo ao disposto no artigo 52, permita o acceso ao emprego público.
- **b)** Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condición de obtela.
- **c)** Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- **d)** Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- **e)** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para ol desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- **f)** Estar en posesión do CELGA 4 ou superar unha proba equivalente

CUARTA: DOCUMENTACIÓN EXIXIBLE, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- Os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

a) A solicitude de participación, conforme o modelo normalizado que figura con Anexo I das presentes Bases, onde manifesten que reúnen todas e cada una das condicións esixidas na base anterior, referidas á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes. Este modelo de documento será ó único válido para solicita-la participación nas probas selectivas.

b) Currículo Vitae unicamente referidos aos méritos puntuables en esta convocatoria, xunto coa documentación acreditativa dos mesmos. Só se valorarán os méritos alegados no currículo e acompañados de xustificación documental (fotocopia acreditativa dos méritos alegados).

No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados, dando lugar a dúbidas ao órgano cualificador, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados, nin puntuados.

As certificacións de realización de cursos só se valorarán se constan acreditados o número de horas de duración dos mesmos.

As copias simples xustificativas de méritos puntuables serán compulsadas unha vez superado o proceso selectivo comprobándose, xunto co resto de requisitos da convocatoria, a veracidade dos mesmos, sendo eliminados do proceso selectivo, aínda cando exista proposta do Tribunal, no caso de non existir correspondencia cos orixinais. Non obstante, o Tribunal queda facultado para solicitar ós aspirantes a compulsas dos documentos, con carácter previo a su valoración, durante o proceso selectivo.

2.- O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados dende o día seguinte á publicación do correspondente anuncio na prensa, que será o mesmo no que se publiquen estas bases no taboleiro de anuncios da Corporación e na súa páxina web.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

3.- As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello de Cuntis, sito na Praza da Constitución nº 4, dentro do horario de atención ó público, de 9 a 14 horas de luns a venres e de 9 a 13 horas os sábados.

Terán os mesmos efectos que a entrada no citado Rexistro, a remisión por calesquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común. **Cando a solicitude (Anexo I) non se presentase directamente no Rexistro do Concello, deberá anunciarse a súa chegada mediante fax antes da data límite de remate de presentación de solicitudes, ACOMPAÑADA DO ANEXO II DESTAS BASES (nº fax 986533995 ou 986533906), tfno 986548005. ESTO SERA REQUISITO IMPRESCINBIBLE PARA TER EN CONTA ESTAS SOLICITUDES.**

QUINTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Cualificador que estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: A Secretaria do Concello ou funcionario en quen delegue.
- Secretario/a: Un funcionario do Concello designado pola Alcaldía
- Vocais:
 - O Interventor do Concello
 - O axente de desenvolvemento local.
 - Dous técnicos/as a designar pola a Alcaldía.

O Secretario actuará con voz pero sen voto.

2.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

3.- Será causa de abstención e recusación dos membros do Tribunal as establecidas nos artigos 28 y 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común.

SEXTA: ESTRUCTURA E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

1.- O tribunal reunirse nos 3 días hábiles posteriores á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2.- Reunido validamente o tribunal quedará facultado para valorar exclusivamente ós candidatos/as presentados ó proceso selectivo.

Valoraranse os seguintes méritos:

a) Titulacións: Máximo 3 puntos

Titulacións/acreditacións requeridas para impartir o curso..... Necesarias



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

Cando se conte con unha segunda titulación, diferente a requerida para impartir o curso, de mestre/a , pedagogo/a, psicopedagogo/a (Soamente se valorará unha delas)..... 2 puntos
Outros títulos oficiais non universitarios relacionados cos contidos do curso.....1 punto

b)Experiencia profesional e docente. So se terá en conta a que se acredite na vida laboral acompañada de contratos de traballo ou certificados de empresa, e o cálculo farase tendo en conta a seguinte fórmula: (días cotizados/30 x puntuación por mes). Máximo 5 puntos

b.1.) Experiencia profesional. Máximo 3 puntos

Experiencia profesional relacionada cos contidos do curso por cada mes traballado 0,05 puntos

b.2.) experiencia docente .Máximo 2 puntos

Experiencia docente impartindo o mesmo curso ou da mesma area profesional (SSC) por cada mes 0,25 puntos

Experiencia docente impartindo outros cursos por cada mes 0,05 puntos.

c)Formación complementaria, en todos os casos so se valoraran cursos de mais de 20 horas de duración: Puntuación máxima 3,5 puntos.

c.1.) Especialización Máximo 2 puntos

So se valoraran cursos ou seminarios relacionados cos contidos dos diferentes módulos formativos do certificado. O cálculo farase con arreglo a seguinte fórmula: (Cada 20 horas valóranse con 0,03 puntos)

Suma total de horas de cursos de mais de 20 horas/20 x 0,03

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos non se valorarán. Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos. Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente un número mínimo de horas que compoñen o curso estea relacionado co posto ó que se pretende optar

c.2.)Formación en metodoloxía e medios didácticos: Máximo 2 puntos

Cursos de formación metodolóxica, por cada 20 horas 0,05 puntos.

CAP ou Master Universitario de Profesorado en ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas 0,5 puntos

Para aqueles candidatos/as que non acrediten o coñecemento do galego, fixarase data e lugar para relaización da proba correspondente, que se valorará como apto/a ou non apto/a.

No caso de empate terá prioridade o/a candidato/a que acredite maior puntuación no seguinte orde:



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

- 1º Quen acredite unha segunda titulación das referidas no apartado a)
- 2º Quen acredite un Master nos contidos relacionados co certificado de profesionalidade do curso
- 3º Quen acredite mais horas de formación relacionada cos contidos do curso.
- 4ª No caso de prevalecer o empate farase unha entrevista persoal

Concluída a fase de concurso, o Tribunal fará públicos os resultados provisionais no taboleiro de anuncio e páxina web, e os/as candidatos/as disporán de dous días hábiles dende a publicación da listaxe provisional para facer as alegacións ou consultas que consideren oportunas, e unha vez resoltas publicarase a listaxe definitiva por orden de puntuación e farase a proposta de nomeamento ao Alcalde-Presidente

Tendo en conta a proposta efectuada polo tribunal o Alcalde-Presidente, ditará resolución de contratación dos/as aspirantes seleccionados/as

Os/as restantes candidatos/as, polo orde de puntuación obtido, poderán ser contratados/as no caso de vacantes sobrevidas.

SETIMA: ACREDITACIÓN DE REQUISITOS.

1.- Os aspirantes propostos polo Tribunal deberán presentar na Secretaría da Corporación dentro dos cinco (5) días seguintes ó que se faga pública a cualificación final a que se refire a Base anterior, a seguinte documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos

- 1.Documento Nacional de Identidade.
- 2.Orixinais dos méritos alegados para a súa compulsa, se nos o estivesen previamente.
- 3.Declaración sobre incompatibilidade e incapacidade para contratar.
- 4.No caso de haber traballado anteriormente, cartilla de afiliación á Seguridade Social.

Os seleccionados que dentro do dito prazo ou, do da prórroga de outros dez (10) días naturais solicitada e concedida por causa de forza maior, non presentasen a documentación, quedarán automaticamente decaídos no seu dereito, non podendo ser contratados.

2.- Antes de proceder a contratación da persoa seleccionada para o posto, será necesaria a autorización da Consellería de Economía, Emprego e Industria, esta autorización realizase por parte da Consellería dando de alta ó/a docente, no programa informático de xestión dos cursos, (SIFO)

OITAVA: CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

As Bases da presente convocatoria vinculan á Administración, a quenes participen na convocatoria e ao Tribunal Cualificador, facultado para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir no desenrolo das probas.



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

NOVENA: RÉXIME XURÍDICO

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán se impugnadas polos interesados nos casos e na forma prevista na vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cuntis, 3 de outubro de 2016.
O Axente de Desenvolvemento Local
José Antonio Sánchez Estévez

ANEXO I SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

**CONVOCATORIA DE PRBAS SELECTIVAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL
LABORAL TEMPORAL DOCENTE PARA IMPARTIR O CURSO DENOMINADO
“DOCENCIA DA FORMACION PROFESIONAL PARA O EMPREGO”**



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

D/D^a.....
con D.N.I., con domicilio a efectos de notificacións na
rúa....., nº, piso
....., letrade,
código postal teléfono.....E-
MAIL....., con titulación académica de
.....

MANIFESTA que, ben enterado/a do contido das Bases que rexen a convocatoria de referencia, cumpre todos e cada un dos requisitos na Base Terceira, con referencia a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, E AUTORIZA A UTILIZACIÓN DO E-MAIL PARA AS NOTIFICACIÓNS RELATIVAS A ESTE PROCEDEMENTO.

No caso de non presentar a documentación no rexistro do Concello de Cuntis, procedo a adiantar o envío da presente solicitude de participación por fax (986533995), dentro do prazo fixado nas bases desta convocatoria (Base 4ª punto 3)

IMPRESINDIBLE ACOMPAÑAR XUNTO COA SOLICITUDE:

- CURRICULUM VITAE e ANEXO II
- FOTOCOPIA ACREDITATIVA DOS MERITOS ALEGADOS, NO CASO DA EXPERIENCIA LABORAL ACREDITARASE MEDIANTE VIDA LABORAL ACOMPAÑADA DE CONTRATOS DE TRABALLO OU CERTIFICADOS DE EMPRESA
- FOTOCOPIA DO D.N.I.

Cuntis, de de 200....
(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS

ANEXO II



C O N C E L L O

D E

36670 CUNTIS

(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución

Teléfono 986 54 80 05

MERITOS ALEGADOS PARA VALORACIÓN DE CURRICULUM

1 . TITULACION/S

Titulación de acceso ó posto solicitado

Nome	ANO	

2ª Titulación (Maxisterio, pedagogía ou psicopedagogía)

Nome	ANO	

2. EXPERIENCIA LABORAL

Experiencia na profesión

Entidade	Posto desempeñado	Duración meses ou fracción	

Experiencia docente

Entidade	Formación impartida	Duración meses ou fracción	



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

3. FORMACION RELACIONADA CO POSTO DE TRABALLO

Nome do curso (soamente de mais de 20 h.)	ANO	Duración horas	

4. FORMACION METODOLOXICA

Nome do curso	ANO	Duración horas	



C O N C E L L O
D E
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución
Teléfono 986 54 80 05

En _____, de _____ de 2016.

Sinatura